


MISA CON NENOS  
4-febreiro-2018 - 5ºORDINARIO  
**Formato folleto**



**Todo o mundo te BUSCA...  
e ti BUSCAS a todo o mundo.**

# 1. ACOLLIDA

Irmáns e irmás:

Sede todos benvidos á nosa asemblea dominical. No medio das nosas ocupacións facemos un alto para estar co Señor e cos irmáns. Neste domingo 5º do tempo ordinario, Xesús, o noso médico, achégase a para anunciarnos o amor de Deus e para curarnos de tantas doenzas que nos oprimen. Nel atoparemos fortaleza, salvación, vida e ánimo, para levar algún xesto de amor e un sorriso sincero a quen nos atopemos ao longo da semana.

***(Podemos colocar no presbiterio caixas grandes de medicinas con nomes como: amor, solidariedade, acompañamento...)***

**SAÚDO:** No nome... *O Señor Xesús que quere ser irmán, pan e alimento para todos, sexa convosco...*

## 2. PERDÓN

***(Sacerdote)*** *Das nosas faltas de acollida, de agarimo, de colaboración e de entrega, pedimos perdón a Deus Pai:*

- ***(Posible... catequista)*** *Ti que es bo e compasivo: Señor, ten piedade de nós.*

- ***(Posible... pai-nai)*** *Ti que nos mostras o teu amor curando os corazóns esnaquizados: Cristo, ten piedade de nós.*

- ***(Posible... neno-nena)*** *Ti que sostés os pobres e te identificaches con eles: Señor, ten piedade de nós.*

### 3. PALABRA DE DEUS

#### **MONICIÓN ÁS LECTURAS**

O grito de Xob lamentándose pola situación de enfermidade e dor é semellante ao de tantos irmáns nosos que hoxe sofren a pobreza e a necesidade. Paulo recórdanos o compromiso inescusable polo evanxeo dos que se atoparon con Cristo. Xesús no evanxeo busca a todos os oprimidos polo mal para devolverlles a saúde, a alegría e a paz; esta é a actitude do cristián: afanarse polos que o pasan mal, poñer nas vidas dos que nos rodean medicinas de proximidade e de agarimo.

## LECTURAS

- **JOB 7, 1-4. 6-7: *Fártome de dar voltas ata a alba.***

Xob falou dicindo: «Non é seica milicia a vida do home sobre a terra, e os seus días como os dun xornaleiro?; como o escravo, suspira pola sombra; como o xornaleiro, agarda o seu salario. A miña herdanza foron meses baldíos, asignáronme noites de fatiga. Ao deitarme penso: Cando me erguerei? Fáiseme eterna a noite e fártome de dar voltas ata a alba. Corren os meus días máis que a lanzadeira, vanse consumindo faltos de esperanza. Recorda que a miña vida é un sopro, que os meus ollos non verán máis a dita». Palabra do Señor.

- **SALMO 146: R/. *Loade o Señor, que sanda os corazóns esnaquizados.***

- **I CORINTIOS 9, 16-19. 22-23: *Ai de min se non anuncio o Evanxeo.***

Irmáns: O feito de predicar non é para min motivo de orgullo. Non teño máis remedio e, ai de min se non anuncio o Evanxeo! Se eu o fixese polo meu propio gusto, iso mesmo sería a miña paga. Pero, se o fago a pesar meu, é que me encargaron este oficio. Entón, cal é a paga? Precisamente dar a coñecer o Evanxeo, anunciándoo de balde, sen usar o dereito que me dá a predicación do Evanxeo. Porque, sendo libre

como son, fíxenme escravo de todos para gañar os máis posibles. Fíxenme débil cos débiles, para gañar os débiles; fíxenme todo para todos, para gañar, sexa como sexa, a algúns. E todo o fago por causa do Evanxeo, para participar eu tamén dos seus bens. *Palabra do Señor.*

- **MARCOS 1, 29-39: *Curou moitos enfermos de diversos males.***

**Narrador:** Naquel tempo, ao saír Xesús da sinagoga, foi con Santiago e Xoán á casa de Simón e Andrés. A sogra de Simón estaba na cama con febre, e inmediatamente faláronlle dela. El achegouse, colleuna da man e ergueuna. Pasóuselle a febre e púxose a servilos. Á noitiña, cando se puxo o sol, leváronlle todos os enfermos e endemoñados. A poboación enteira amoreábase á porta. Curou moitos enfermos de diversos males e expulsou moitos demos; e como os demos coñecían, non lles permitía falar. Ergueuse madrugada, cando aínda estaba moi escuro, marchouse a un lugar solitario e alí púxose a orar. Simón e os seus compañeiros foron na súa busca e, ao atopalo, dixéronlle:

**Simón:** -«**Todo o mundo te busca**».

**Narrador:** El respóndelles:

**Xesús:** -«**Vámonos a outra parte, ás aldeas próximas, para predicar tamén alí; que para iso saín**».

**Narrador:** Así percorreu toda Galilea, predicando nas súas sinagogas e expulsando os demos.

*Palabra do Señor.*

## 4.-ORACIÓN DA COMUNIDADE

*(Sacerdote) Presentemos ao Pai a nosa oración. El ámanos e dános o seu amor. Digamos: -Necesitamos de ti, Xesús.*

1. Pola Igrexa, para que nos ensine que nos Deus quere e esa é a mellor medicina para todos. **Oremos.**
2. Polos que seguimos a Xesús para que vivamos ao servizo dos pobres, enfermos e necesitados. **Oremos.**
3. Polos que sofren a traxedia da fame, que os gobernantes poñan solución e nós colaboremos coa nosa axuda. **Oremos.**
4. Polos enfermos para que os sosteña a fortaleza de Deus e a compañía dos que están ao seu redor. **Oremos.**
5. Por nós, para que repartamos a mellor medicina que temos, a nosa amizade, o noso agarimo. **Oremos.**

*(Sacerdote) Señor, que curando e sandando, colaboremos contigo para facer un mundo mellor para todos. Por XCNS.*

## 5. PRESENTACIÓN DE OFRENDAS

(Posibilidades)

### **-CAIXAS DE ASPIRINAS:**

Ofrecemos estes comprimidos de aspirina, como símbolo do noso compromiso de curar a todos co noso amor.

*(Adquirimos caixas de aspirinas ou paracetamol, etc., e cortamos o blíster de tal xeito que quede cada comprimido na súa cavidade e sen abrir. Procuramos que haxa un comprimido para cada neno. Cada neno ofrece o seu comprimido que recolleremos nunha cestiña ou nunha cunca).*

### **-PAN E VIÑO:**

O pan e o viño da mesa da Eucaristía comprométenos a ser próximos, a vivir o amor cos necesitados, a poñer un pouco de luz e ledicia onde hai tristeza ou dor.

## 6. SUXESTIÓNS

- Podemos colocar no presbiterio caixas grandes de medicinas con nomes como: amor, solidariedade, acompañamento...
- Adquirimos caixas de aspirinas ou paracetamol, etc., e cortamos o blíster de tal xeito que quede cada comprimido na súa cavidade e sen abrir. Procuramos que haxa un comprimido para cada neno. Cada neno ofrece o seu comprimido que recolleremos nunha cestiña ou nunha cunca. Todos xuntos din: “Ofrecemos estes comprimidos de aspirina, como símbolo do noso compromiso de curar a todos co noso amor”.
- Poderíamos comentar que Xesús é médico que se achega, cura e ergue: a quen cura, de que os cura, que enfermidades hai ao noso ao redor, que medicinas podemos achegarlles.



*Los pequeños detalles son los que componen las grandes obras.*

### UN HOSPITAL ESPECIAL:

Fun ao Hospital de Deus, a facerme unha revisión de rutina, e puiden constatar que estaba moi doente. Cando Xesús me tomou a presión viu que estaba baixo de TENRURA. Ao medirme a temperatura, o termómetro rexistrou 40 grados de EGOÍSMO. Fixo un electrocardiograma e o diagnóstico foi que necesitaba varios bypasses de AMOR porque as miñas veas estaban bloqueadas e non abastecían o meu corazón baleiro. Pasei cara a ortopedia: non podía camiñar á beira dos meus irmáns/as e tampouco podía abrazalos porque me fracturei ao tropezar coa miña VAIDADE.

A resonancia magnética revelou unhas feas manchas de RANCOR que tiña que facer desaparecer a fume de carozo. Tamén me atoparon MIOPÍA xa que non podía ver máis aló das aparencias. Cando me queixei de XORDEIRA, Xesús diagnosticou quedarme só, coas palabras baleiras de cada día. O médico de cabeceira logo de examinar o conxunto de resultados dixo que estaba a piques de caer nunha perigosa síndrome, que me estaba DESHUMANIZANDO pero que aínda estaba a tempo de curarme. GRAZAS A DEUS... porque as consultas son gratuítas, pola túa gran misericordia. Prometo ao saír de aquí usar soamente os remedios naturais que receita o Evanxeo... Ao levantarme tomarei un vaso de AGRADECIMIENTO. Ao chegar ao traballo, unha cullerada sopeira de BOS DÍAS. Cada hora un compromiso de PACIENCIA e AMOR.

A túa amizade é unha das medicinas da miña alma. Cunha gran dose de AMOR...

## 7. Posible acción de grazas

### *Os bicos ou medicinas de Deus*

#### **Dinos Deus:**

-Se ninguén te ama, a miña ledicia é amarte. Se choras, estou desexando consolarte. Se es débil, dareiche a miña forza e a miña enerxía.

-Se ninguén te necesita, eu búscote. Se es inútil, eu non podo prescindir de ti. Se estás baleiro, a miña abundancia ateigarate.

-Se tes medo, lévote sobre as miñas costas. Se queres camiñar, irei contigo. Se me chamas, veño sempre.

-Se te perdes, non durmo ata atoparte. Se estás canso, son o teu descanso. Se pecas, son o teu perdón.

-Se me pides, son don para ti. Se me necesitas, dígoche: aquí estou, dentro de ti. Se non tes a ninguén, tesme a min.

**RED CATEQUISTAS GALICIA**